

IGADIPaper é un medio de análise e información do IGADI que aspira a afondar de forma equilibrada e sintética nalgún conflito, acontecemento ou tendencia internacional de relevancia e actualidade".

SOCIOLOXÍA DA CRIMINALIDADE EN VENEZUELA

- a) **Introdución**
- b) **Os desequilibrios do modelo socioeconómico**
- c) **Mapa e perfil da criminalidade**
- d) **Inseguridade cidadá e confrontación política**

a) *Introdución*

Segundo estatísticas oficiais, un total de 19.133 persoas foron asasinadas entre xullo de 2008 e xullo de 2009 en Venezuela. Cada 27 minutos é asasinada unha persoa nese país. Na última década, máis de 800.000 mozos venezolanos con idades comprendidas entre 18 e 35 anos, principalmente dos estratos socioeconómicos de clase media e alta, abandonaron o país argumentando como principal razón a delincuencia e a falta de perspectivas profesionais.

Independentemente do clima de polarización existente desde máis dunha década en Venezuela, as elevadas taxas de criminalidade dos últimos anos determinan un problema de carácter político e social que, dentro da actual perspectiva electoral de cara aos comicios lexislativos do próximo 26 de setembro, adquiren un carácter prioritario.

b) *Os desequilibrios do modelo socioeconómico*

Desde mediados da década de 1950, e á vista do seu potencial petroleiro, a sociedade venezolana iniciou un amplo proceso de transformación socioeconómica, determinada por un acelerado éxodo rural cara ás cidades, así como polo fenómeno da atracción de inmigrantes, principalmente europeos, elementos que ampliaron as capacidades de desenvolvemento socioeconómico.

Este proceso de transformación cara unha sociedade con forte concentración urbana, cun notable ascenso das clases medias e da mobilización de diversos grupos e estamentos sociais, determinou a necesidade de cambios políticos. A partir de 1958, e trala caída da ditadura militar de **Marcos Pérez Jiménez**, Venezuela iniciou unha prolongada etapa de gobernos elixidos democraticamente, dentro dun sistema político plural aínda que marcadamente bipartidista entre dous partidos hexemónicos: a sociademócrata e populista Acción Democrática (AD) e o demócrata cristiá COPEI.

A pesar da existencia dunha incipiente guerrilla esquerdista durante a década de 1960, nas súas primeiras décadas este sistema político logrou amortecer diversos conflitos sociais, beneficiado pola lexitimidade

As autoridades venezolanas atópanse ante un sensible problema que pode erosionar o apoio popular ao proceso revolucionario do presidente **Hugo Chávez**, debido a que a violencia criminal afecta principalmente aos sectores máis pobres da sociedade venezolana, principais bastións de apoio político, social e electoral do “chavismo”.

Desde 2003, o goberno venezolano non publica estatísticas oficiais sobre os índices de criminalidade e, actualmente, está inmerso nunha polémica disputa cos medios de comunicación debido á publicación de fotos e cifras sobre a violencia criminal. A pesar de aplicarse un amplo Plan de Seguridade Nacional a partir de 2009, resulta evidente a escasa efectividade do labor policial que, en varios aspectos, cuestiona a capacidade real do goberno de Chávez para afrontar este problema.

deste sistema e, principalmente, ante a elevada renda petroleira.

Non obstante, este modelo económico comezou a manifestar fendas ante a pretensión dun reparto equitativo da riqueza e o seu fracaso á hora de desenvolver outros sectores económicos, incrementando ao mesmo tempo o ascenso social dunha enorme *clase* burocrática, amplamente dependente dos ingresos petroleiros. A corrupción e a ineficacia administrativa, especialmente a partir do segundo lustro da década de 1970 durante a célebre mitificación da “Venezuela saudita”, deron paso a períodos de crise económica e empobrecemento de diversos sectores das clases medias, os cales padeceron un progresivo proceso de marxinação social e económica.

A crise financeira de febreiro de 1983, coa depreciación da moeda nacional, o Bolívar, suceso popularmente coñecido en Venezuela como o “Venres Negro”, fracturou a aparente estabilidade do modelo económico, igualmente afectado pola caída de prezos no mercado petroleiro. Posteriormente, a explosión social de febreiro de 1989, popularmente denominada como o “Caracazo”, a raíz da aplicación dun draconiano programa económico de cariz neoliberal, incrementou

os niveis de conflictividade social por parte dos sectores máis pobres e marxinados da sociedade venezolana, alterando así os cimentos do “modelo” iniciado en 1958.

O proceso de empobrecemento das clases populares manifestouse principalmente ante os elevados índices de deserción escolar e ausencia de emprego produtivo nos sectores rurais e nas clases pobres populares urbanizadas, aspectos que igualmente certificaron as carencias de asistencia social por parte do Estado. Así, asentouse un “caldo de cultivo” importante nas zonas populares para a penetración do delicto. Paralelamente, o crecente descontento social deu paso a situacións de inestabilidade política, tales como os intentos de golpe de Estado de 1992, así como a crise bancaria e financeira de 1994-1995 afectando sensiblemente o tecido socioeconómico venezolano.

Baixo este prisma, os índices de criminalidade en Venezuela a partir da década de 1990 asociáronse co proceso de empobrecemento de diversos sectores das clases medias e populares xurdidas durante a estabilidade económica da “Venezuela saudita” petroleira. Deste modo, espallouse a proliferación da denominada “hampa común” dentro dun proceso de “caotización” e descontrol da actividade criminal, principalmente nos sectores marxinais das grandes cidades venezolanas, que foron progresivamente “profesionalizando” as súas actividades delictivas.

En 1998, a cifra oficial de decesos por sucesos criminais ascendeu a 4.550 persoas. Mentres o país se aprestaba a iniciar un radical proceso de cambio baixo a presidencia de **Hugo Chávez**, onde as políticas sociais do goberno orientadas ás clases pobres adquirirían unha prioridade esencial para o desenvolvemento socioeconómico, os índices de violencia e criminalización da sociedade

c) Mapa e perfil da criminalidade

A nivel xeográfico, a maioría dos índices criminais seguen ubicándose nas rexións centrais do país, que posúen unha maior concentración industrial e de poboación, é dicir, o Distrito Capital (Área Metropolitana de Caracas) e os estados de Miranda, Carabobo e Aragua. Igualmente, é notoria a criminalidade nos estados occidentais de Lara e Zulia, este último de forte produción petroleira e gandeira, así como no petroleiro

venezolana foron multiplicándose de forma progresiva e alarmante.

Segundo o Observatorio Venezolano da Violencia (OVV), utilizando cifras e estatísticas oficiais (algunhas delas cuestionables), se calcula que a criminalidade en Venezuela, entre 1992 e 2004, experimentou un incremento do 228% no nivel de homicidios.

Desde mediados da década de 2000, a “profesionalización” da actividade criminal en Venezuela deu paso á proliferación de grupos e bandas armadas dedicadas a actividades anteriormente inéditas nas cidades, como o “secuestro express” e o sicariato. Estas actividades afondaban as súas raíces en factores de carácter socioeconómico, aínda que en determinados ámbitos das rexións rurais non se descarta unha matriz de carácter político.

Segundo a “*Enquisa Nacional de Vitimización e Percepción da Seguridade Cidadá 2009*”, un informe realizado polo Instituto Nacional de Estatística (INE) a petición da Vicepresidencia da República Bolivariana de Venezuela, un total de 19.133 persoas foron asasinadas en Venezuela en 2009, correspondendo a unha taxa de homicidios de 75 por cada 100.000 persoas.

A nivel comparativo, o índice venezolano é substancialmente maior que en países como Colombia, lastrado por un conflito armado, e onde esta taxa sitúase en 32 por cada 100.000 habitantes. Na cidade brasileiras de São Paulo, este índice alcanza os 14 homicidios por 100.000 habitantes. En México, afectado pola guerra entre carteis do narcotráfico, o mesmo ascende a 8 por cada 100.000 persoas. Segundo o OVV, entre 1998 e 2009, en Venezuela morreron máis de 118.000 persoas por sucesos de violencia criminal.

estado oriental de Anzoátegui e no sureño estado Bolívar, rico en xacementos mineiros.

Pola súa banda, estados rurais e campesiños como Apure, Táchira, Mérida e Amazonas, experimentan desde hai décadas as secuelas do secuestro de gandeiros e terratenentes, principalmente pola implicación de grupos guerrilleiros e paramilitares provenientes da veciña Colombia, con ramificacións no territorio venezolano.

A partir desta radiografía, pódese identificar un perfil sociolóxico específico sobre a criminalidade e a violencia en Venezuela. O OVV considera que un 72% das vítimas pola criminalidade en Venezuela son homes con idades comprendidas entre os 16 e 35 anos, principalmente dos estratos socioeconómicos IV e V (ou D-E, segundo outros indicadores), que identifican aos sectores máis pobres, populares e marxinais.

Tanto as ONGs como as autoridades policiais coinciden en afirmar que o perfil racial das vítimas corresponde, principalmente, a persoas mestizas, mulatas e negras. Un 85% destes crimes son realizados con armas de fogo. Considérase que un total de 15 millóns de armas están en mans de civís, o cal ofrece un panorama de ausencia de control estatal e policial sobre a tenencia de armas, así como unha marcada facilidade para obtelas. Igualmente, o OVV considera que 90 de cada 100 homicidios quedan xudicialmente impunes, mentres os cárceres venezolanos ilustran un panorama de amoroamento e marxinalización.

A raíz destes datos, pódese identificar unha combinación de factores que explicarían as causas da excesiva proliferación da delincuencia e da criminalidade en Venezuela nos últimos anos:

1- Descontrol oficial ante a proliferación de bandas criminais “profesionalizadas” en determinados delitos (roubos a gran escala, secuestro express, sicariato, etc), así como ante a “caotización” da violencia criminal, principalmente nos barrios populares urbanos.

2- Estancamento e crise económica. Con elevadas taxas de inflación (30% en 2009), Venezuela está inmersa na recesión económica desde 2008, alimentando o crecemento do emprego informal e a proliferación de actividades ilícitas (contrabando, narcotráfico).

3- Sensación de fracaso e ineficacia das políticas gobernamentais en materia de seguridade, algunhas delas tardiamente afrontadas e aplicadas de forma global, a partir de 2009, cando o problema da

delincuencia e da inseguridade cidadá adquiría contornos alarmantes.

4- Conflito de competencias derivado das tensións motivadas polo afianzamento da descentralización administrativa que, na maioría das veces, identifícase como un pulso de carácter político. Tras crear en decembro de 2009 o Corpo da Policía Nacional Bolivariana (CPNB), que conta actualmente con 2.500 efectivos, o goberno de Chávez conceptuou o proceso de descentralización administrativa iniciado a partir de 1990 como un obstáculo para a eficacia da centralización das políticas de seguridade.

En diversos ámbitos, principalmente na capital Caracas, aprécianse conflitos de competencias policiais e administrativas sobre o labor dos organismos de seguridade, principalmente en determinadas alcaldías e gobernacións controladas pola oposición, que contan con policía propias. Non obstante, a eficacia destas policía locais en municipios capitalinos de clases medias e altas, como Chacao e Baruta, explica os baixos índices de criminalidade nestas localidades.

5- A impunidade xudicial, que alenta a actividade criminal.

6- O paupérrimo nivel salarial e de condicións profesionais dos membros dos organismos policiais e de seguridade estatal, aspecto que alimenta a súa corrupción. Os baixos salarios limitan a súa motivación e rendemento profesional.

Dende a perspectiva sociolóxica, a gran maioría dos compoñentes das forzas de seguridade e das policía proveñen das clases populares e marxinais, moitas veces con escasos niveis educativos e de preparación, e constantemente identificados e ameazados polas bandas criminais. O propio ministro de Interior, **Tarek el Aissami**, recoñeceu recentemente o nivel de corrupción existente nos organismos policiais, asegurando que un 20% dos delitos cometidos no país lévanse a cabo con implicación de efectivos policiais.

d) Inseguridade cidadá e confrontación política

A mediados de agosto de 2010, unha xogadora da selección de béisbol de Hong Kong, que participaba en Caracas na Copa Mundial de Béisbol Feminino,

resultou ferida durante un partido, aparentemente a través dunha “bala perdida” proveniente das barriadas circundantes. O notorio deste incidente foi que

aconteceu nun estadio localizado nunha área militar da capital venezolana.

O pasado 13 de agosto, o diario *El Nacional*, de marcada orientación opositora a Chávez, publicou unha foto de portada coa imaxe de cadáveres amontoados na principal morgue capitalina, gráfica realizada en decembro de 2009. O pasado 24 de agosto, o diario estadounidense *The New York Times* publicou que en Venezuela “o crime supera os índices de mortos en México e Iraq”. Isto provocou unha forte reacción por parte de goberno, instando a “censurar” este tipo de fotografías nos medios nacionais, medida posteriormente retirada a cambio dunha multa ao diario venezolano.

O tema da inseguridade cidadá constitúe actualmente o máis sensible campo de confrontación entre o goberno e a oposición, que moi probablemente definirá diversas estratexias electorais de cara aos comicios lexislativos para elixir os 167 deputados da Asemblea Nacional, proceso previsto para o próximo 26 de setembro.

Dentro da plataforma de partidos políticos opositores, o tema da inseguridade cidadá, así como o desabastecemento de produtos básicos e o escándalo da importación governamental de alimentos en mal estado, adquire importantes connotacións políticas orientadas a erosionar o apoio a Chávez dentro das clases populares. No caso de obter notables ganancias electorais nos próximos comicios lexislativos, a oposición demandará a aprobación dunha Lei de Desarme.

Pola súa banda, o goberno de Chávez tenta afianzar a Policía Nacional Bolivariana como o principal corpo de seguridade do país. Se ben desde 2003, o goberno non publica cifras de asasinatos, as informacións oficiais esfórzanse por asegurar unha aparente coordinación das políticas de seguridade, a raíz do desmantelamento de diversas bandas criminais.

O conflito de competencias administrativas e policiais tamén ilustra a confrontación e polarización política.

Por citar un exemplo: no céntrico estado de Miranda, un dos máis violentos do país onde a oposición gañou as eleccións municipais de 2008, os seus orzamentos de seguridade cidadá foron sensiblemente recortados por parte do goberno central dentro dunha clara estratexia política dirixida a obstaculizar e desacreditar o labor do actual gobernador **Enrique Capriles Radonsky**, a quen moitos sinalan como un posible candidato presidencial para os comicios de 2012.

Outro aspecto relevante ten que ver coa reiterada utilización dunha linguaxe de violencia no discurso político, un elemento que incrementa a polarización. É notoria a utilización pública dun vocabulario “militarista” e con connotacións bélicas, incluso como ferramenta electoral.

Por citar outro exemplo: o actual lema electoral do “chavismo” para os comicios lexislativos denomínase “Operación Demolición”. No pasado recente, sectores opositores radicais ventearon publicamente a posibilidade dun “asasinato presidencial” como opción para acabar co proxecto de Chávez. Todo isto ofrece a sensación dun omnipresente discurso violento, enmarcado no contexto da confrontación política que vive o país.

Non obstante, o goberno de Chávez ven aplicando interesantes iniciativas educativas destinadas a erradicar a cultura da violencia, especificamente través da aplicación de políticas comunitarias dentro das misións sociais nos barrios populares e instando a eliminar a compra e venda de videoxogos con carácter violento, moi populares en diversos sectores sociais.

Unha recente enquisa da empresa Consultores 21 sinala que “o 55% dos enquisados responsabilizaron directamente ao presidente Chávez dos problemas máis urxentes do país, co crime á cabeza”. Un aspecto relevante que pode adquirir sentido político de cara aos próximos procesos electorais.

IGADI. 1 de setembro de 2010